



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Telefono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA 5

No Concello de Boqueixón con data do 6 de febreiro de 2013, reunido o Tribunal cualificador para a provisión interina dunha praza de traballador/a social, constituído coma segue:

Presidente: María Victoria Negrín Blanco, técnico de formación ocupacional do Concello de Boqueixón.

Secretaria: Elena Suárez Rodríguez, Secretaria-Interventora do concello de Boqueixón.

Vogais: Rosario Iglesias Iglesias, psicóloga do concello de Boqueixón

Manuela D. Corral Martínez, traballadora social do concello da Estrada, colexiada núm. 15, en representación do Colexio Oficial de traballo Social de Galicia.

Mónica Rodríguez Palacio, traballadora social do concello de Tordoia, colexiada núm. 752, en representación do Colexio Oficial de traballo Social de Galicia.

Ana María Aldrey Pereira, traballadora social do concello de Vedra.

O Tribunal cualificador acorda:

1º Resolver as reclamacións presentadas dentro do prazo de 2 días hábiles, seguintes á realización do exercicio na fase de oposición polos seguintes aspirantes:

Yolanda Rodríguez Fernández: pregunta 23 e pregunta 26.

Resposta 23: A reclamante considera que a resposta é a "A" cando a resposta publicada é a D. A reclamante ten razón unha vez que o tribunal fai as comprobacións pertinentes e acorda que a resposta do apartado C é incompleta tal e como alega a interesada porque "para poder reagrupar a familiares ASCENDIENTES, non se pode reagrupar a todos os ascendentes con carácter xeral independentemente da idade, se non que deben ser maiores de 65 anos, ou menores de 65 anos por causas de carácter humanitario (excepcionalmente)", polo tanto a resposta D) non é correcta.

Polò tanto, o tribunal acorda anular a pregunta 23, e puntuar a todos os participantes no proceso a pregunta 1ª de reserva.

Resposta 26: A reclamante considera que a resposta correcta á D e non a C. Este Tribunal despois de realizar as comprobacións pertinentes establece que a resposta C é a que corresponde co contemplado no anexo do Decreto 99/2012.

Ángela Justo Rodríguez: pregunta 17, pregunta 26, pregunta 27.

Pregunta 17: A aspirante afirma que ningunha das resposta é correcta, e escribe literalmente "que segundo Tomás Fernández e Laura Ponce León, a entrevista en traballo social se caracteriza por:

Unha interprofesional (non dúas persoas a nivel xeral)
Fonte de recoplilación e análise sobre o transcurso dunha intervención.
Ferramenta de apoio e intervención e técnica profesional.
Lugar de proyección de coñecementos e teoría
Motor mobilización do cambio”.

Segundo este tribunal a resposta “A”. “A conversa directa entre dúas ou máis persoas que ten un obxectivo previo”. O tribunal cualificador e especificamente as traballadoras sociais que o constitúen entenden que a definición redactada na resposta A de entrevista non ten dúbida, xa que efectivamente trárase dun conversa que implica dúas persoas ou máis, entendéndose por persoas tamén ós profesionais. Polo tanto non se estima esta reclamación.

Pregunta 26: a candidata reclama que a resposta correcta é a C. este Tribunal confirma que efectivamente a resposta correcta é a “C” a que ven senda a que xa se publicou na plantilla publicada. Polo tanto, non procede esta reclamación.

Pregunta 27: a reclamante di que a resposta correcta é a “A”, en base a que di (se recolle literalmente): “segundo o contido nese mesmo decreto. Artigo 61 punto 1... “dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM, quedará exenta da obriga de participar no custo do Servizo (capacidade económica do usuario/a).

Non é posible estimala. A resposta correcta é a que figura no exame, porque a resposta alternativa que propón a reclamante (resposta a)) fai referencia a achega de usuarios do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas (artigo 61 do Decreto), e no enunciado da pregunta refírese a usuarios de outros programas e servizos comunitarios (artigo 62 do Decreto).

2º Proceder a valorar a petición de Mosteiro Valle Xosé Manoel que solicita se lle admita o exame que non asinou o día da realización da proba escrita, e achega a plantilla das resposta feitas no exame para cotexar coa plantilla de resolución que está adxunta o examen.

Unha vez cotexadas ambas plantillas (a do exame e a que xunta o candidato) compróbase que é o exame de Mosteiro Valle Xosé Manoel polo que se procede a puntualo obtendo unha nota de 10,4 puntos (xa tendo en conta que a pregunta 23 está anulada e que se puntúa a pregunta 1ª de reserva).

3º Proceder a puntuar novamente as notas da proba escrita e publicar no anexo que se xunta ás notas definitivas. Publicar a plantilla nova.

4º Facer público a calificación por orde de notas da máis alta a máis baixa sumandas da fase de concurso e fase de oposición das persoas que aprobaron o exame:

NOME	PUNTUACIÓN
ANTA FERNÁNDEZ ANA	22,70
CAAMAÑO REY CARMEN MARÍA	22,55
CONS CASTIÑEIRAS ALMUDENA	20,10
ZAPATA CRIADO LAURA	19,15
HERMIDA ARIAS DIEGO ENRIQUE	19,10

JUSTO RODRÍGUEZ ÁNGELA	19,09
GONZALEZ MORALES SUSANA	18,92
FERRO GARCÍA CAROLINA	18,90
SUAREZ JUNCAL BIBIANA	18,70
RODRIGUEZ FERNANDEZ IRIRA	18,47
MOSTEIRO VALLE XOSÉ MANOEL	18,15
IGLESIAS CASTRO PAULA	18,10
DÍAZ SÁNCHEZ MARTA	17,95
CRESPO BARREIRO PAULA	17,80
CALVIÑO RAMA ÁGUEDA	17,22
CAO MEITÍN SILVIA MARÍA	17,06
RODRÍGUEZ FERNANDEZ YOLANDA	16,97
GALLEGO AVILÉS TANIA	16,87
GULIAS SOTO RITA	16,69
SIEIRO VÁZQUEZ MARÍA DEL CARMEN	15,82
PÉREZ SUÁREZ JESSICA	15,70
ARES BLANCO DIANA	14,13
REIMONDEZ SANMARTÍN MARÍA VICTORIA	11,55
VÁZQUEZ MACÍAS LUZ MARÍA	11,41

Queda como titular: ANTA FERNÁNDEZ ANA

E o resto de candidatos/as que superaron o exame quedan como reservas por orde de puntuación cando procesa para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade da persoa seleccionada nesta convocatoria.

5º Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da comisión seleccionadora será elevada ó alcalde para que formule a contratación da titular.

6º Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 6:30 da tarde do día 6 de febreiro de 2013.